

Convocatoria da Comisión Informativa de Políticas Sociais para o día 13 de marzo de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Políticas Sociais, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Este mes, por acordo adoptado pola Xunta de Portavoces do día 4 de marzo de 2024, terá lugar o mércores, 13 de marzo de 2024.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Políticas Sociais en sesión **ordinaria**, para o **día 13 de marzo de 2024**, ás 17.30 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/17V/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2024.

2. 2024/3630L NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Popular con motivo do Día Internacional da Muller, 8 de marzo.

3. 2024/3732Y NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do BNG para a solicitude de financiamento á Xunta de Galicia e ao Goberno de España dos servizos públicos de competencia non municipal.

4. MOCIÓNS DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

